



# OBRADOIRO SOBRE O LOBO



José Valtierra organizounos un obradoiro moi divertido sobre o lobo no que aprendimos moitas cousas novas e interesantes sobre este animal tan importante para o ecosistema.

## Os veciños do lobo



Primeiro comezamos cun percorrido polo bosque para coñecer os "Veciños do lobo" Iamos atopando restos dos que tiñamos que facer deducións para saber que eran e a que animal poderían pertencer.

Atopamos unha "egagrópila" que é un birlo de pelos e osos pequenos que botan fóra os mouchos despois de dixerir o animal que comeu. Atopamos pegadas e excrementos de lobo xunto coas de coello, corzo, xabaril, raposo ou esquíu.

Jose contounos que ademais de alimentarse destes animais o lobo tamén pode alimentarse de insectos e de froitos do bosque, landras .. en tempos de pouca caza.

## Que come o lobo segundo a estación



Tamén nos dixo que os lobos non viven igual durante todo o ano, adáptanse ás estacións e a como estas inflúen no resto dos animais do bosque. Segundo a estación do ano alimentáanse duns ou doutros. Hai animais que aínda que viven no seu ecosistema, o lobo non se alimenta deles, como é o caso dos osos, os esquíus e os teixos.

Os pastores están a favor de que existan lobos porque comen animais do bosque feridos ou enfermos e así non lle transmiten enfermidades aos seus rabaños cando comen os mesmos pastos.

Jose explicounos que polos restos dos excrementos sabemos cantos lobos hai nunha zona e como se alimentan . Se os excrementos son negros alimentáronse de carne. Se comen froitos do bosque son de cor marrón e se o seu alimento foron os restos de animais mortos, os seus excrementos son brancos e máis pequenos.

## Como se comunica o lobo


### Poden comunicarse con xestos:

- Cando o lobo está co rabo para abaixo e as orellas hacia arriba quere dicir que está tranquilo.
- Cando ten as orellas un pouco para atrás e co rabo recto significa que está preocupado.
- Se ten as orellas para atrás de todo, o rabo para arriba e o nariz engurrado está enfadado con ganas de atacar.
- Se move o rabo e as orellas están levantadas quere dicir que o lobo está contento.

### Coa voz: comunicanse con ouveos.

**Poden comunicarse polo cheiro:** os lobos mexan un pouco e moitas veces para enviarse mensaxes, marcar o seu territorio, mandarse cartas de amor ...


Jose deunos a cheirar mexo de lobo e resultou ser un cheiro moi desagradable.



## Que pasa entre os lobos e os seres humanos?

Jose díxonos que hai persoas que non queren aos lobos, queren matalos, extinguílos ... e para iso fan batidas para cazalos. Aínda que agora está totalmente prohibido, fai tempo botábase veneno, como a estricnina, en ovos para que os lobos comésenos. Morrián eles e todos os outros animais que se alimentasen dos seus restos.

Jose tamén ensinounos un "Foso do lobo". Estes fosos estaban feitos polos humanos con muros moi altos. Facían ruído para atraer ao lobo, con chuzos facían que caíse ao foso e con eses mesmos chuzos o mataban. Pola pel do lobo recibían cartos a cambio.



## Tradicións relacionadas co lobo

Jose contounos que antigamente críase que cando unha vaca poñíase enferma se se pasaba polo seu corpo un cabeiro de lobo a vaca curaríase. Iso non funcionaba pero era unha crenza común.

Tamén se cría que cando nunha familia había 7 fillos o máis pequeno podía converterse en lobo nas noites de lúa chea. Esta é unha crenza que vén da prehistoria onde os lobos eran os gardiáns da natureza.



## Fixemos preguntas sobre o lobo

Fixemolle preguntas a Jose porque queríamos saber máis e agora sabemos que:

A cantidade de membros dunha manda varía dun territorio a outro. En Galicia podemos ver mandas de cinco a seis lobos como máximo.

Cando as crías cumpren os dous anos teñen que abandoar a manda.

Crece moi rápido porque cando son pequenos están expostos a moitos perigos.

Son animais moi rápidos. Nun día son capaces de percorrer ata 100Km.

Nas estacións que cazan mellor son na primavera porque poden alimentarse das crías doutros animais, e no outono, porque aproveitan que é a época de apareamento doutros animais coma son os corzos.

Os lobos aparéanse no inverno, durante o mes de febreiro.



## Levamos para a nosa aula a pegada do lobo e da raposa

Foi un obradoiro moi enriquecedor e divertido onde aprendemos que o lobo é necesario para o correcto funcionamento dos ecosistemas.

Cando o lobo desaparece ou é eliminado, este ecosistema desequilibrase e as poboacións das súas presas crecen sen límite.

Pero, por qué matalos se se poden asustar e que non coman os rabaños? Jose comentounos que existe un aparello chamado "bramadeira" que empregan os pastores e que fai un ruído que aos lobos lles resulta moi desagradable.

Tamén, se no rabaño temos mastines que están adestrados para vixiar o gando e un burro, o noso rabaño estará totalmente protexido. Os burros, máis altos que as ovelas poden detectar antes ao lobo, ademais son moi listos e valentes, enfróntanse ao lobo e danlle couces. O lobo, con burros e cans, non pode atacar ó rabaño.



## Cando empeza a relación dos seres humanos co lobo?

A relación dos humanos co lobo comeza na Prehistoria. Humanos e lobos cazabamos os mesmos animais. Aprendemos a cazar fixándonos nas mandas de lobos. Os lobos comezaron a achegarse aos campamentos dos humanos e pouco a pouco algúns foron domesticados. Os cans actuais veñen do lobo. Como curiosidade Jose contounos que os lobos non ladran, con todo os cans ladran e ouvean.

